

S.O.S.: ¡FAN FALTA VOLUNTARIOS!

Esta semana pasada non houbo expedición lucense para limpa-la costa. A razón, moi clara: só se apuntaran seis persoas. Entre o tempo que pasa, a escasa referencia ó chapapote nos medios de comunicación e maila desmobilización realizada desde a Xunta, todo trae consigo que non puidesemos responder á demanda que desde Carnota nos facían para contar connosco o día 8.

O sábado anterior si que houbera viaxe. 33 persoas, case todos integrantes da comunidade educativa do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (director, profesores, alumnos e familiares) foron coordinadores de ADEGA e traballaron na praia de San Pedro, freguesía do Pindo, concello de Carnota.

Trouxeran unha imaxe excelente da organización; encárgase dela o

Concello, que coordina a T R A G S A , voluntari@s, etc. Os lugueses apañaron á mañá “galletiñas” pequenas de fuel vello enterrado na area. Despois das 15:00 viron chegar polo mar “galletas” meirandes de chapapote novo e vello, e aplicáronse a elas.

Dixéronnos que nesa fin de semana do Entroido traballaban por Carnota moit@s voluntari@s chegad@s de diversas partes da Península. Había tamén movemento de militares, que nun momento dado marcharon en dirección norte, seguramente, cara á costa de Muxía e Camariñas, onde entraban manchas grandes de piche.

Os que traballaron en Carnota tiveron despois unha paella en Lira. O ambiente, tamén moi bo, disque.

Así é que voluntari@s, apuntádevos. ¡HAI TRABALLO e còmpren mans!.

BOTAPORELAS

Desde o 23 de febreiro, tratánnos doutra maneira. Verificada de maneira incontestable a resposta cidadá ás nosas convocatorias, confirmada a identificación de moitísimos galegos co carácter e as reclamacións de *Nunca Más*, comentarias e políticos diversos abandonan a descualificación frontal e afirman sentir, dun lado, “respecto” polos manifestantes; do outro, desprezo ou, polo menos “sospeitas” en relación cos promotores.

Desde logo, é unha táctica nova. Para o poder e os seus arredores, segue a ser prioritario sacarnos de diante, cunha urxencia paralela á de abrir caladoiros, aparta-la atención do barco partido e proclamar que as praias están limpas e en xuño estarán esplendorosas.

En todo iso, o conselleiro López Veiga segue a destacar. Segundo el, somos nós, e non a súa acreditada incompetencia e acrisolada práctica da trola, quen lle está a facer dano a Galicia. Seica pedir que se solucione o problema da nosa costa “espanta o turismo”. E o arriscado biólogo metido a xestor pregunta se as nosas convocatorias serán boas para o país, e suxire que serven para pouco.

Neste desgobierno hai figuras de todo tipo. Nós, que mantémo-la demanda de auténticas solucións, imos lembrar aquí algunhas cousas que foron ditas.

“Todo el fuel derramado que tenía que llegar a la costa gallega ya ha llegado”.

(Enrique López Veiga, 17 de novembro do 2002).

“Si no hubiéramos alejado el buque mar adentro, la mancha ya estaría en la costa”.

(Enrique López Veiga, 26 de novembro do 2002).

Este personaxe di agora de nós que **“Esta campaña sostenida acabará haciendo mucho daño a la economía gallega”.**

Hai que calar, seica. Por “patriotismo”.

